

LETRAS GALEGAS  
2020

CARVALHO CALERO



O alumnado de 4º ESO da aula de plástica, en colaboración co Departamento de Lingua Galega e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, rendemos homenaxe ao autor das Letras deste ano. Cada un de nós escolleu versos dun dos poemas de Carvalho Calero que se reproducen aquí, e provocados por eles compuxemos unha imaxe que despois pasamos ao linóleo, traballamos coas gubias e estampamos no tórculo para editar as imaxes que compoñen este arquivo.

No acabado final os versos escollidos por cada un están escritos no papel e acompañan a estampa, pero o confinamento fixo que non dispoñamos desas fotografías. Convertamos ese contra nun pro; propoñéndo-vos unha lectura atenta de texto e imaxe, retámosvos a que busquedes as correspondencias.

Desfrutade do noso autor deste ano.

Cando te vaias,  
ninguen reparará na tua falta.

Non tomaste pasaxe en nengun trasatlántico,  
Fostes un navegante solitario.

Nengunha turista te lembrará

Non saístes a rua cando a gaita soaba  
Ficastes, a coidar, na casa

Nengunha lapida te louvará

Non fechastes a voz no circulo dun coro  
Pra falares contigo, foi o teu canto afónico

Nengún hino te glorificará

Non firmastes nengún manifesto  
A tua caligrafía era puro arabesco

Nengunha pagina te embalsamará

Non quixestes ao peito levar unha medalla  
Fostes besta salvaxe, sen chocallo nen cadiga

Nengun alpendre te agarimará


Se, longe  
un Cain che dá morte  
nengunha Antígona te soterrará

## DESFILE DE MODELOS

Manequins ou anjos;  
mulleres ou deusas;  
con cófias, mitras, tiaras, toucas, flores,  
perfumes, ouros, liños, sedas, peles;  
mevendo se con músicas, con asas;  
sereas ou raiñas;  
nadando entre coroas, entre escumas;  
danzando entre ronseis, parrumas, foulas;  
estrelas en fervenza; lume en bágoas,  
po de sol a brincar; constelacións  
de bonecas de arage; volvoretas  
en antroido de espellos; brancos risos;  
azuis pestanejares;  
baile das cores; folión das rosas;  
litúrgia dos menceiros, agarimo  
das curvas, dos afagos, dos solpores;  
escada de arrecendos, ondas, ritmos;  
fervor de chamadas; teoría  
de arelas; procesión  
de milagres; rolda

de beleza, ternura, crueldade;  
ceu de cabelos redes, de ollos lagos,  
de bocas simas, de nocellos lírios,  
de seios froitas, de cadrís randeiras;  
rebaño de gacelas; cabido  
de opanteras; corporación de luces;  
lira de aves; aves lira; aves  
do paraíso, paraíso de aves,  
de faisáns, pombas, rulas, pintasilgos;  
nevarada de pétalas; exército  
de faíscas; descárrega de lóstregos;  
coro de vagas; corte de ardentias;  
ladaiña de anseios,  
rosário de suspiros.....

Alguén de alta fasquia  
coa súa poderosa man move a batuta  
que a melodía rege  
do voso escintilar de duro amor



P.A.

© V~Devil ©



P.A.

*Sergio*



P.A.

*[Handwritten signature]*



P.A.

C. 16015



P.A.

*Brais*



P.A.

Gabriel



P.A.

Andrea



P.A.

Robinson V.P



P.A.

Castro



P.A

1970





*[Handwritten signature]*



P.A.

Lia




PA



P.A.

14 Marcos



P.A.



P.A.

*[Signature]*  
13

## Somos:

Víctor Alonso Iglesias  
Sergio Álvarez Verdeal  
Martín Carballo Canosa  
Luís Fernández Jové  
Brais Fernández Vázquez  
Iago Gogoy Quintela  
Andrea Nine Vázquez  
Robinson J. Vergara Pérez

Carmen Carballo González  
M<sup>a</sup> del Mar Fernández González  
Verónica Y. Gómez Bento  
Antía González Testa  
Eva López Rodríguez  
Guillermo Macía Garayzábal  
Marcos Osorio Perreira  
Candela Pérez Pato  
Uxía Rodríguez Yañez